



# ELECCIÓN

## CONSELLO ESCOLAR

### 2014

## Elección de representantes do profesorado ao consello escolar

- 1.- Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde **elixir no presente proceso electoral a 3 profesores/as**, dun total de 7 que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- O censo electoral do profesorado estará exposto no taboleiro de anuncios da sala de profesorado do Centro. O prazo de presentación de reclamacións ao censo remata o venres, 14 de novembro ás 14:00 horas.
- 3.- **Poderanse presentar candidaturas ata as 14:10 horas do luns, 17 de novembro.** O impreso de presentación de candidaturas recóllese en Secretaría e, unha vez cuberto, entrégase en Secretaría para que lle dean rexistro de entrada.
- 4.- A mesa electoral estará formada polo director do centro, que actuará como presidente, e os profesores/as de maior e menor idade, actuando este último de secretario/a.
- 5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de 3 nomes da lista de candidatos/as.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegado.
- 7.- Na elección dos representantes do profesorado non participan os substitutos e si os profesores substituídos con licenza por enfermidade.
- 8.- Conforme ao artigo 35 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, convocarase un claustro no que se dará lectura das normas que regulan o procedemento de elección de representantes do profesorado no Consello Escolar. Neste claustro informarase da relación de candidatos/as proclamados/as pola xunta electoral e fixarase a data de celebración do claustro extraordinario no que se elixirán os representantes do profesorado no consello escolar.

Cangas, 4 de novembro de 2014

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo: Darío Lata Blanco